



SE PENSAS COMPARTIR A TÚA VIDA
CUN ANIMAL DE COMPAÑÍA,
*constrúe o fogar
que necesita*

Revisa estes puntos para facer
unha compra responsable

CONTORNA DE CRÍA

Sempre debes comprar un animal de compañía **nun criador ou tenda autorizado e rexistrado** que contemple a posibilidade de visitalo nas súas instalacións, e que estas cumpran cos criterios de benestar animal.

A venda directa de animais a través de **Internet** está prohibida. Nos anuncios verifica que inclúen o número de rexistro de criador ou de núcleo zoolóxico do establecemento e sospeita en caso de prezos excesivamente baixos.



CONDICIÓN DO ANIMAL

Antes de compralo, visítalo para asegurarte de que goza de **bo estado de saúde**, non presenta signos de medo ante o criador ou os descoñecidos e que os cachorros están coa súa nai.

Non dubides en consultar **co teu veterinario** de confianza para detectar de forma fiable calquera irregularidade no estado de saúde do animal.

DOCUMENTACIÓN EN REGRA

Calquera **irregularidade na documentación** podería ser un indicativo da ilegalidade ou falta de profesionalidade e ética do negocio que hai detrás.

Infórmate correctamente para evitar facer unha compra ilícita, xa que o **tráfico ilegal de animais** está perseguido pola lei debido ao gran dano que fai, tanto á sociedade, como aos propios animais.

